

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12090 *Real decreto 987/2015, do 30 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

A libre circulación de persoas constitúe unha das catro liberdades fundamentais do mercado interior. A cidadanía da Unión confire un dereito primario e individual a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros con suxeición ás limitacións e condicións previstas nos tratados da Unión Europea e de funcionamento da Unión Europea e ás disposicións adoptadas para a súa aplicación.

Xunto cos tratados, o principal instrumento normativo de dereito comunitario para regular a libre circulación é a Directiva 2004/38/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros da súa familia a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros, pola que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 1612/68 e se derogan as directivas 64/221/CEE, 68/360/CEE, 72/194/CEE, 73/148/CEE, 75/34/CEE, 75/35/CEE, 90/364/CEE, 90/365/CEE e 93/96/CEE.

A transposición desta normativa encóntrase recollida no Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Resulta necesario incluír nel a regulación da chamada familia extensa, que actualmente estaba encadrada dentro do réxime xeral de estranxeiría da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Respecto á familia extensa, a Directiva 2004/38/CE considera que, para manter a unidade da familia nun sentido amplo, os Estados membros deben facilitar a entrada e a residencia doutros membros da familia do cidadán da Unión, distintos aos regulados no artigo 2 da directiva.

De acordo coa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), do 8 de novembro de 2012, no caso Lida (c-40/11), o dereito destes «outros membros da familia» nacionais de terceiros países é, en todo caso, un dereito derivado do dereito do cidadán da Unión e «non un dereito autónomo dos nacionais de terceiros países». A facilitación da residencia da chamada familia extensa responde, por tanto, á necesidade de evitar un menoscabo da liberdade de circulación do cidadán da Unión por disuadilo de exercer os seus dereitos de entrada e residencia noutro Estado membro.

Esta familia extensa, á cal a directiva se refire como «outros membros da familia» e cuxos dereitos corresponde recoñecer aos Estados membros, estaría formada por calquera outro membro da familia, calquera que sexa a súa nacionalidade, que non entre na definición de membro da familia do artigo 2 da directiva e que, no país de procedencia, estea a cargo ou conviva co cidadán da Unión beneficiario do dereito de residencia con carácter principal ou, en caso de que, por motivos graves de saúde, sexa estritamente necesario que o cidadán da Unión se faga cargo do coidado persoal do membro da familia. Ademais, tamén se considerará membro da familia extensa a parella coa que o cidadán da Unión manteña unha relación estable debidamente probada.

O concepto de «estar ao cargo» é un concepto xurídico indeterminado delimitado pola xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), en relación coa situación do ascendente, en asuntos como c-316/85, Lebon (Sentenza do 18 de xuño de 1987) e c-1/05, Jia (Sentenza do 9 de xaneiro de 2007), ou a máis recente Sentenza do 16 de xaneiro de 2014 no asunto c-423/12, Reyes. Para o TXUE a calidade de membro da familia «a cargo» deriva dunha situación de feito caracterizada polo feito de que o cidadán

da Unión ou o seu cónxuxe garantan a tenza e dispoñibilidade de recursos económicos suficientes para a subsistencia do membro da familia.

Esta delimitación da noción de familiar a cargo foi asumida polo propio Tribunal Supremo en sentenzas tales como a STS 8359/2011, do 22 de novembro, a STS 1883/2012, do 23 de marzo ou a STS 8826/2012, do 26 de decembro. En todas elas se recolle a noción consolidada polo TXUE e inciden en que «para determinar se (...) están a cargo deste, o Estado membro de acollida debe apreciar se, á vista das circunstancias económicas e sociais, non están en condicións de atender as súas necesidades básicas. A necesidade de apoio material debe darse no Estado de orixe ou de procedencia dos ditos ascendentes no momento en que solicitan establecerse co cidadán comunitario».

O TXUE sinalou, na súa Sentenza do 5 de setembro de 2012, ditada no asunto c-83/11, Rahman, que os Estados membros non están obrigados a acollerer todas as solicitudes de entrada ou de residencia presentadas polos membros da familia extensa, aínda que demostren que están a cargo do dito cidadán. Os Estados membros poden establecer criterios obxectivos para determinar cando son admisibles as solicitudes da familia extensa. Para a elección destes criterios, os Estados membros dispoñen dunha ampla marxe de apreciación, sempre que non se prive do efecto útil da disposición e que sexa conforme co sentido habitual do termo «facilitará». No exercicio da dita marxe de apreciación, os Estados membros poden establecer nas súas lexislacións requisitos específicos acerca da natureza ou da duración da situación de dependencia e isto, en particular, a fin de comprobar que tal dependencia sexa real e estable e non fose provocada co único obxectivo de obter a entrada e a residencia no territorio do Estado membro de acollida. Neste real decreto, para a determinación destes criterios, tomouse como referencia a regulación dos demais Estados membros. A novidade que incorpora este texto é que os membros da familia extensa, sempre que cumpran os requisitos previstos na normativa, contarán cunha tarxeta de familiar de cidadán da Unión e non, como até agora, cunha autorización de residencia e traballo de réxime xeral.

Por outro lado, modifícase a disposición derradeira segunda equiparando a súa redacción a outras disposicións similares en materia de estranxeiría.

O presente real decreto foi sometido a trámite de audiencia e o Foro para a Integración Social dos Inmigrantes, a Comisión Interministerial de Estranxeiría e a Comisión Laboral Tripartita de Inmigración emitiron informe sobre el.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Emprego e Seguridade Social, de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 30 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

O Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, queda modificado como segue:

Un. Introdúcese un novo artigo 2.bis coa seguinte redacción:

«Artigo 2.bis. *Entrada e residencia doutros familiares do cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

1. Poderase solicitar a aplicación das disposicións previstas neste real decreto para membros da familia dun cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo a favor:

a) Dos membros da súa familia, calquera que sexa a súa nacionalidade, non incluídos no artigo 2 do presente real decreto, que acompañen ou se reúnan con el

e acrediten de forma fidedigna no momento da solicitude que se encontran nalgunha das seguintes circunstancias:

1.º Que, no país de procedencia, estean ao seu cargo ou vivan con el.

2.º Que, por motivos graves de saúde ou de discapacidade, sexa estritamente necesario que o cidadán da Unión se faga cargo do coidado persoal do membro da familia.

b) Da parella de feito coa que manteña unha relación estable debidamente probada, de acordo co criterio establecido no número 4.b) deste artigo.

2. Se os membros da familia e a parella de feito que se recollen no número 1 están sometidos á exixencia de visado de entrada, segundo o establecido no Regulamento (CE) 539/2001, do 15 de marzo, polo que se establece a lista de terceiros países cuxos nacionais están sometidos á obrigación de visado para cruzar as fronteiras exteriores e a lista de terceiros países cuxos nacionais están exentos desa obrigación, á solicitude de visado, prevista no artigo 4 do presente real decreto, deberán selle xuntar os seguintes documentos:

a) Pasaporte válido e en vigor do solicitante.

b) Nos casos previstos na letra a) do número 1, documentos acreditativos da dependencia, do grao de parentesco e, se for o caso, da existencia de motivos graves de saúde ou discapacidade, ou da convivencia.

c) No suposto de parella, a proba da existencia dunha relación estable co cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e o tempo de convivencia.

3. Á solicitude da tarxeta de familiar de cidadán da Unión deberán xuntárselle os seguintes documentos:

a) Pasaporte válido e en vigor do solicitante. No suposto de que o documento estea caducado, deberá achegarse copia deste e da solicitude de renovación.

b) Documentación acreditativa de que o cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ao cal acompañan ou co que se van reunir cumpre os requisitos do artigo 7.

c) Nos casos previstos na letra a) do número 1, documentos acreditativos da dependencia, do grao de parentesco e, se for o caso, da existencia de motivos graves de saúde ou discapacidade, ou da convivencia.

d) No suposto de parella, a proba da existencia dunha relación estable co cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e o tempo de convivencia.

4. As autoridades valorarán individualmente as circunstancias persoais do solicitante e resolverán motivadamente, para o cal deberán ter en conta os seguintes criterios:

a) No caso de familiares, valorarase o grao de dependencia financeira ou física, o grao de parentesco co cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e, se for o caso, a gravidade da enfermidade ou discapacidade que fai necesario o seu coidado persoal ou o tempo de convivencia previo. En todo caso, entenderase acreditada a convivencia cando se demostre fidedignamente unha convivencia continuada de 24 meses no país de procedencia.

b) No caso de parella de feito, considerarase que se trata dunha parella estable aquela que acredite a existencia dun vínculo duradeiro. En todo caso, entenderase a existencia deste vínculo se se acredita un tempo de convivencia marital de, ao menos, un ano continuado, salvo que teñan descendencia en común, caso en que bastará a acreditación de convivencia estable debidamente probada.

5. As autoridades resolverán motivadamente toda resolución.»

Dous. A disposición derradeira segunda queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízanse os titulares dos ministerios de Emprego e Seguridade Social, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior, e de Facenda e Administracións Públicas para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias e, se for o caso, logo de informe da Comisión Interministerial de Estranxeiría, as normas que sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

No suposto de que as materias non sexan obxecto da exclusiva competencia de cada un deles, a execución e o desenvolvemento do disposto neste real decreto levarase a cabo mediante orde do titular do Ministerio da Presidencia, por proposta conxunta dos ministerios afectados, logo de informe da Comisión Interministerial de Estranxeiría.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas a disposición adicional vixésimo terceira do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 557/2011, do 20 de abril, así como todas aquelas normas de igual ou inferior rango que contradigan o disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.2.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre inmigración.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante o presente real decreto incorpórase ao dereito español o número 2 do artigo 3 da Directiva 2004/38/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros, pola que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 1612/68 e se derrogan as directivas 64/221/CEE, 68/360/CEE, 72/194/CEE, 73/148/CEE, 75/34/CEE, 75/35/CEE, 90/364/CEE, 90/365/CEE e 93/96/CEE.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de outubro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN